



**DELEGADOS E DELEGADAS DE CCOO PARA SEGUIR
LOITANDO POLOS DEREITOS DE TODOS**

<i>Miguel Cacheiro</i>	<i>Javier Peteiro</i>	<i>Merchy Doel</i>
<i>Ana Cal</i>	<i>Jesús Vidal</i>	<i>Fernando Arnaiz</i>
<i>Mercedes Martin</i>	<i>Isabel Peon</i>	<i>Begoña Gonzalez</i>
<i>Lupe Vazquez</i>	<i>Juan Calo</i>	<i>Pili Gayol</i>
<i>Rosa Garcia</i>	<i>Luisa Andaluz</i>	<i>Conchi Regueiro</i>
<i>Pedro Prieto</i>	<i>Luis Míguez</i>	<i>Tania Medín</i>
<i>Felisa Seoane</i>	<i>Elena Rivera</i>	<i>Marían Fraga</i>
<i>Susana Gonzalez</i>	<i>Ana Paz</i>	<i>Soco Liñares</i>
<i>Engracia Pazos</i>	<i>Belen Ces</i>	<i>Tita Suarez</i>
<i>Almudena Curras</i>	<i>Ana Pato</i>	<i>Loly Martinez</i>



contigo



VOTA



federación de sanidade e sectores
socio-sanitarios de Galicia

**AREA SANITARIA
DE
A CORUÑA**

Nestes últimos anos e como consecuencia da chegada ao poder do PP e a súa política de recortes, a negociación colectiva no noso ámbito viuse **seriamente** minguada, cando non en moitos casos desaparecida, por unha actitude desprezativa da administración sanitaria. A sanidade universal como un dos piares básicos do estado de benestar sufriu un ataque como nunca se dera. Non só isto viuse reflectido no nivel das prestacións á poboación, senón que nós, os traballadores da saúde, nos vimos privados de varios dos nosos dereitos laborais que conquistamos ao longo dos anos de democracia e mediante a loita sindical. Neste contexto de conflito foinos difícil facer chegar ao **SERGAS** as nosas propostas, reivindicacións, desacordos e esixencias co fin de mellorar as nosas condicións laborais debido a unha posición autoritaria e de desprezo aos traballadores e aos seus representantes por parte do **SERGAS**.

A pesar dos obstáculos que nos encontramos nalgúns ámbitos concretos, honestamente, estamos convencidos no noso acerto ao abrir novas fronteas reivindicativas.

ALGÚNS LOGROS E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

Xestión Clínica. Denunciamos e combatemos a creación e implantación das Áreas de Xestión Clínica cunha gran mobilización que desembocou na folga dos días 9 e 10 de decembro de 2013. Así mesmo, recorremos xudicialmente o Decreto de **Xestión Clínica** porque facilita a privatización dos servizos sanitarios e a **laboralización** do persoal, creando inseguridade xurídica.

Paralización da privatización de Esterilización. As unidades de esterilización, como calquera servizo sanitario, é susceptible de entrar nos plans de privatización dos xestores do **SERGAS** e do goberno da **Xunta**. O preaviso no Diario Oficial da Europea dunha futura contratación privada de toda a esterilización dos hospitais públicos de Galicia levantou as alarmas e a mobilización producida freou a devandita privatización.

Cómputo dos LDs. Reclamamos a nivel xudicial que os días de libre disposición computen como xornada efectiva. Existindo xa varias sentenzas do **TSXG** que o noso equipo xurídico gañou. Entregamos dez mil firmas no **SERGAS** pedindo se aplique dunha vez por todas o que dispuxeron os xuíces en sentenzas firmes.

Reclamación xudicial da paga extra. Como non podía ser doutro xeito, era o único camiño que nos deixaron para impedir a perda do noso dereito.

Pacto de Contratacións. Denunciamos o Pacto de Vinculacións Temporais co obxecto de melloralo. Non podemos permitir o uso perverso e en fraude de lei do Pacto cando o obxecto da contratación por días ou por horas debe ser debido a causa puntuais, e non que esta sexa a forma habitual.

Urxencias. Denuncia a Fiscalía das condicións de traballo que soportan diariamente os compañeiros e compañeiras deste servizo. A problemática de Urxencias non é algo que lle atinxe exclusivamente a este servizo senón que implica todas as unidades do hospital.

Denuncia da voluntariedade. Existindo listas de contratación, no contexto actual, non é de recibo e de todo punto de vista inxusto que non se contrate de forma estrutural ao persoal que se necesita, en lugar de ofertar “horas extras” aos traballadores

OBXECTIVOS PARA OS PRÓXIMOS ANOS

Frenar os procesos de privatizacións. Combatindo a implantación das Unidades de Xestión Clínica que supoñería a privatización total da nosa sanidade pública.

Recuperar os dereitos, salarios e o axeitado nivel de emprego. Desconxelación dos salarios, recuperación da totalidade das pagas extra, recuperacións dos **Lds** e dos días adicionais de vacacións e por trienios.

Recuperar a auténtica carreira profesional (Na que se retome a negociación do acceso ordinario a esta).

Recuperación do 100% do salario nos períodos de IT.

Retomar o plan de mellora da Atención Primaria. Cobramento por número de **TIS**. Esiximos vincular as retribucións coa verdadeira carga de traballo. Cobertura do 100% das ausencias. Eliminación do bloqueo das axendas, da intersubstitución e prolongacións. Recuperación do emprego cunha axeitada dimensión dos equipos.

Acoplamento interno de Área periódico.

Mellorar as condicións de traballo do persoal de PAC. Equiparación das retribucións co resto das categorías do SERGAS, computos de xornada, dietas de manutención.

Negociación do pacto de contratacións e a mellora da contratación e a súa xestión. Rematar cos contratos lixo. Loitar contra a **precarización** laboral. Cobertura das ausencias 0 100 %.

Peches de camas. O peche de camas contribúe, entre outras cousas, a crear disfuncións no sistema, como por exemplo, o incremento da carga de traballo no resto das unidades e a reasignación do persoal afectado creando alteracións significativas nas súas condicións laborais; como por exemplo o cambio de quendas.

Urxencias. Debemos continuar denunciando e adoptando todas as medidas de presión necesarias para que o Servizo de Urxencias sexa un dispositivo sanitario coas características propias dun hospital de terceiro nivel no que o seu persoal poida desenvolver o seu traballo en condicións dignas.

OPE e traslados. Perioricidade e convocatoria do 100 % das vacantes. Celeridade nas convocatorias e resolución das mesmas.

Incorporar na plantilla do Hospital Virxen da Xunqueira aos celadores. Igual que o resto dos hospitais do SERGAS.

Conquistar o contrato de relevo para a xubilación parcial.

